

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO**

RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2016 pola que se convocan as axudas cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, en réxime de concorrência competitiva, dirixidas á mellora enerxética dos edificios de vivendas de titularidade dos concellos galegos.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, de acordo co marco normativo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, aprobou a Orde do 23 de decembro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, dirixidas á mellora enerxética dos edificios de vivendas de titularidade dos concellos galegos.

Con estas axudas preténdese fomentar a mellora da eficiencia enerxética nos edificios de vivendas de titularidade municipal, co obxecto de reducir o consumo enerxético e as emisións de carbono.

As actuacións desta convocatoria financiaranse no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, cunha taxa de cofinanciamento Feder do 80 %, computándose como cofinanciamento nacional o investimento público elixible achegado polas entidades beneficiarias polo 20 % restante. En particular, teñen encaixe no obxectivo temático 4 - favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores, prioridade de investimento 4.3 - o apoio da eficiencia enerxética, da xestión intelixente da enerxía e do uso de enerxías renovables nas infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos e as vivendas, obxectivo específico 4.3.1 - mellorar a eficiencia enerxética e redución de emisións de CO₂ na edificación e nas infraestruturas e servizos públicos, actuación 4.3.1.5 - rehabilitación de edificios de vivendas de titularidade municipal, co obxecto de reducir as emisións de carbono e o consumo enerxético coa participación do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, dentro do eixe 4, obxectivo: «mellorar a eficiencia enerxética e a redución das emisións de carbono na edificación e nas infraestruturas e servizos públicos» e, polo tanto, a súa tramitación quedará condicionada ao cumprimento da normativa da Unión Europea nesta materia.



Esta convocatoria tramítase ao abeiro da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de axudas e subvencións no exercicio inmediatamente anterior ao dos presupostos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos.

En consecuencia co anterior e de acordo coa disposición derradeira da citada orde de bases reguladoras, habilítase á persoa titular da Dirección Xeneral do IGVS para ditar as resolucións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación da devandita orde, así como para adoptar os acordos, instrucións e aclaracións que sexan necesarias para a xestión desta axuda,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta resolución ten por obxecto convocar para o exercicio 2017 as axudas, en réxime de concorrancia competitiva, para as actuacións de mellora enerxética nos edificios de vivendas de titularidade dos concellos galegos.

Artigo 2. *Bases reguladoras*

As bases reguladoras desta convocatoria de axudas rexeranse polo disposto na Orde do 23 de decembro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrancia competitiva, de axudas cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, dirixidas á mellora enerxética dos edificios de vivendas de titularidade dos concellos galegos (DOG núm. 249, do 30 de decembro).

Artigo 3. *Beneficiarios*

Poderán ser beneficiarios das subvencións os concellos titulares dos edificios de vivendas que realicen as actuacións obxecto da subvencións e que cumpran co establecido no artigo 7 da orde de bases reguladoras desta axuda.

Artigo 4. *Actuacións subvencionables*

Considéranse actuacións subvencionables todas aquelas obras que consistan en actuacións integrais de melloras do illamento térmico e/ou da carpintaría do envólvente, que



poderán ir acompañadas de melloras nas instalacións térmicas, sempre que se axusten á normativa técnica aplicable vixente no momento da súa execución.

Artigo 5. *Condicións para a concesión das axudas*

Serán condicións necesarias para a obtención da axuda:

a) Levar a cabo actuacións subvencionables, co obxecto de subir, como mínimo, unha letra na escala de valores de cualificación enerxética en emisións de carbono e, ademais, reducir, polo menos, o 20 % da demanda enerxética respecto á situación do edificio no momento de solicitar esta axuda.

b) Ser seleccionadas, conforme á prelación das puntuacións obtidas de acordo cos criterios de baremo do artigo 11 da orde de bases destas axudas e a disposición orzamentaria existente.

Artigo 6. *Solicitudes de subvención*

As solicitudes realizaranse mediante a presentación do modelo que se incorpora como anexo I da orde de bases, nos termos establecidos nos seus artigos 14 e 15.

Artigo 7. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes será de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 8. *Contía das subvencións desta convocatoria*

A contía nas subvencións será do 80 % do orzamento aprobado na resolución de concesión.

Artigo 9. *Aplicación orzamentaria*

1. O importe máximo das subvencións instrumentarase financeiramente con cargo ao proxecto 2017 00006 e á aplicación dos orzamentos do IGVS 2017 08 80 451 A 760.2. A contía será de 500.000 euros, repartidos en 250.000 euros no ano 2017 e 250.000 euros no ano 2018.

2. A persoa titular da Dirección Xeral do IGVS poderá incrementar o crédito orzamentario destinado a estas axudas por producirse algunha das causas establecidas no arti-



go 31.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e no artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

3. Esta convocatoria tramitarase ao abeiro da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de axudas e subvencións no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos.

Artigo 10. *Órganos competentes*

Os órganos competentes para a instrución e resolución da concesión son os definidos no artigo 13 da orde de bases destas axudas.

Artigo 11. *Prazo de resolución da concesión*

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución é de cinco meses, a contar desde a finalización do prazo de presentación das solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se notifique a resolución, a axuda deberá entenderse desestimada.

Artigo 12. *Recursos*

Contra as resolucións ditadas ao abeiro da correspondente convocatoria caberá recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS. O citado recurso poderase interpoñer no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da notificación da resolución.

Disposición derradeira única. *Eficacia*

Esta convocatoria produce efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2016

Heriberto García Porto
Director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo

CVE-DOG: mbacbzv6-oi26-arq6-ncm6-gsxw9odc87b8

